

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0856	Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais	2023/2024	0	266	0
MP0856_12	Diagnóstico e materiais en ortodoncia	2023/2024	0	92	0
MP0856_22	Elaboración de aparellos de ortodoncia e férulas oclusais	2023/2024	0	174	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JAVIER CÉSAR ALDARIZ
Outro profesorado	

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación
2.1. Primeira parte da proba
2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0856_22) RA1 - Elabora aparellos de ortodoncia e férulas oclusais removibles, para o que selecciona técnicas de polimerización e acabamento final.
(MP0856_12) RA1 - Identifica as anomalías dentofaciais, tendo en conta a relación das características dos aparellos de ortodoncia e as férulas coa prescrición facultativa.
(MP0856_12) RA2 - Simula no modelo as expectativas previstas no tratamento proposto, identificando parámetros e realizando medidas e axustes.
(MP0856_22) RA2 - Elabora aparellos removibles de ortodoncia, para o que selecciona aditamentos segundo a prescrición facultativa.
(MP0856_22) RA3 - Elabora aparellos fixos e aparellos extraorais, seleccionando aditamentos segundo a prescrición facultativa.
(MP0856_12) RA3 - Selecciona equipamentos e materiais en relación co seu proceso de elaboración, para o que recoñece as súas características.
(MP0856_22) RA4 - Elabora férulas oclusais, con interpretación da prescrición facultativa
(MP0856_22) RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os prever.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0856_12) CA1.1 Interpretouse a prescrición facultativa e a súa terminoloxía.
(MP0856_22) CA1.1 Describiuse a utilidade, as vantaxes e as desvantaxes dos aparellos removibles fronte aos aparellos fixos.
(MP0856_12) CA1.2 Detalláronse as malposicións dentarias.
(MP0856_22) CA1.2 Identificáronse os compoñentes do aparello removible segundo a placa prescrita.
(MP0856_12) CA1.3 Describíronse as maloclusións dentarias e as súas clasificacións.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0856_22) CA1.3 Descríbense as características, as funcións e os tipos dos elementos retentivos, estabilizadores e activadores da placa.
(MP0856_12) CA1.4 Descríbense parafuncións e hábitos anómalos.
(MP0856_22) CA1.4 Elaboráronse os elementos retentivos, estabilizadores e activadores da placa.
(MP0856_12) CA1.5 Identifícanse os sistemas de forza que permiten o control do movemento dentario.
(MP0856_22) CA1.5 Colocáronse os elementos retentivos, estabilizadores e activadores no modelo.
(MP0856_12) CA1.6 Relacionáronse os sistemas de forza cos cambios biolóxicos que se producen no periodonto e demais estruturas dentarias.
(MP0856_22) CA1.6 Elaborouse a base acrílica segundo as técnicas de elaboración.
(MP0856_12) CA1.7 Clasifícanse os aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
(MP0856_22) CA1.7 Descríbense os movementos máis frecuentes realizados no tratamento con placas removibles.
(MP0856_22) CA1.8 Realizouse o acondicionamento do produto segundo criterios e normativa técnico-sanitaria.
(MP0856_12) CA2.1 Recoñécéronse os métodos de diagnóstico por imaxe aplicados no diagnóstico en ortodoncia.
(MP0856_22) CA2.1 Diferenciouse placa removible pasiva e activa.
(MP0856_12) CA2.2 Relacionáronse puntos, liñas e ángulos cefalométricos coa malposición e a maloclusión dentaria.
(MP0856_22) CA2.2 Cortáronse as papilas interdentarias no modelo e marcouse a posición das puntas de frecha e a anchura da ponte dun gancho de Adams.
(MP0856_12) CA2.3 Descríbense as técnicas de elaboración dos modelos de traballo e dos modelos diagnósticos.
(MP0856_22) CA2.3 Adaptáronse as retencións do gancho por lingual, pero sen que toque a mucosa, para que poida entrar a resina por debaixo.
(MP0856_12) CA2.4 Descríbense técnicas e materiais para a duplicación de modelos.
(MP0856_22) CA2.4 Pegáronse os ganchos, o arco vestibular e demais aditamentos á placa antes de botar o separador.

Crterios de avaliación do currículo
(MP0856_12) CA2.5 Montáronse os modelos no articulador a partir de rexistros intraorais e extraorais.
(MP0856_22) CA2.5 Identifícaronse os elementos activos dunha placa removible, elaborado placas de expansión con elementos activos e parafusos de diferente acción.
(MP0856_12) CA2.6 Relacionáronse as características morfolóxicas de cada arcada coas anomalías dentarias e as relacións intermaxilares.
(MP0856_22) CA2.6 Seleccionáronse os compoñentes dos aparellos funcionais.
(MP0856_12) CA2.7 Valorouse o tamaño de maxilares e pezas dentarias.
(MP0856_22) CA2.7 Acondicionouse o produto segundo normativa técnico-sanitaria establecida.
(MP0856_12) CA2.8 Realizouse a montaxe diagnóstica de predeterminación.
(MP0856_22) CA2.8 Axustouse a realización do aparello ao tempo establecido.
(MP0856_12) CA3.1 Descríbóronse as características de arames e preformas metálicas.
(MP0856_22) CA3.1 Descríbóronse os tipos e as aplicacións dos aparellos fixos e extraorais.
(MP0856_12) CA3.2 Seleccionouse o tipo de soldadura en función dos materiais e das esixencias da unión.
(MP0856_22) CA3.2 Confeccionáronse bandas.
(MP0856_12) CA3.3 Identifícaronse características das resinas acrílicas e outros tipos de plásticos.
(MP0856_22) CA3.3 Respectáronse as medidas prescritas na elaboración.
(MP0856_12) CA3.4 Clasifícaronse os parafusos segundo a súa aplicación nas placas de ortodoncia.
(MP0856_22) CA3.4 Relacionáronse as técnicas de elaboración co tipo de aparello.
(MP0856_12) CA3.5 Relacionáronse os instrumentos coa confección de bandas, ligaduras e manipulación de arames.
(MP0856_22) CA3.5 Soldáronse os elementos do aparello á banda.

Crterios de avaliación do currículo

(MP0856_12) CA3.6 Aplicouse o protocolo de colocación de equipamentos, instrumentos e materiais para unha sistemática de traballo secuenciada.

(MP0856_22) CA3.6 Comprobouse o axuste do aparello e a idoneidade do aparello no modelo.

(MP0856_22) CA3.7 Acondicionouse o produto segundo normativa técnico-sanitaria establecida.

(MP0856_22) CA3.8 Realizouse o proceso produtivo con precisión, orde e método.

(MP0856_22) CA4.1 Descríronse os tipos e a utilidade das férulas oclusais.

(MP0856_22) CA4.2 Descríronse as técnicas e os materiais para a duplicación do modelo.

(MP0856_22) CA4.3 Realizáronse os alivios, a marcaxe e o deseño, e valorouse a incorporación de elementos retentivos metálicos.

(MP0856_22) CA4.4 Elaboráronse férulas oclusais con resina acrílica.

(MP0856_22) CA4.5 Elaboráronse férulas oclusais con aparello termomoldeado ao baleiro.

(MP0856_22) CA4.6 Realizouse o axuste oclusal no articulador.

(MP0856_22) CA4.7 Realizouse a talla selectiva.

(MP0856_22) CA4.8 Acondicionouse o produto segundo a normativa técnico-sanitaria establecida.

(MP0856_22) CA4.9 Valorouse a orde e a limpeza durante as fases do proceso e na presentación do produto.

(MP0856_22) CA5.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, o instrumental e os aparellos do taller.

(MP0856_22) CA5.2 Descríronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área da prótese dental.

(MP0856_22) CA5.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo.

(MP0856_22) CA5.4 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

(MP0856_22) CA5.5 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

Crterios de avaliación do currículo

(MP0856_22) CA5.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

2.2. Segunda parte da proba**2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan****Resultados de aprendizaxe do currículo**

(MP0856_22) RA1 - Elabora aparellos de ortodoncia e férulas oclusais removibles, para o que selecciona técnicas de polimerización e acabado final.

(MP0856_12) RA1 - Identifica as anomalías dentofaciais, tendo en conta a relación das características dos aparellos de ortodoncia e as férulas coa prescrición facultativa.

(MP0856_12) RA2 - Simula no modelo as expectativas previstas no tratamento proposto, identificando parámetros e realizando medidas e axustes.

(MP0856_22) RA2 - Elabora aparellos removibles de ortodoncia, para o que selecciona aditamentos segundo a prescrición facultativa.

(MP0856_22) RA3 - Elabora aparellos fixos e aparellos extraorais, seleccionando aditamentos segundo a prescrición facultativa.

(MP0856_12) RA3 - Selecciona equipamentos e materiais en relación co seu proceso de elaboración, para o que recoñece as súas características.

(MP0856_22) RA4 - Elabora férulas oclusais, con interpretación da prescrición facultativa

(MP0856_22) RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.

2.2.2. Crterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0856_12) CA1.1 Interpretouse a prescrición facultativa e a súa terminoloxía.

Crterios de avaliación do currículo

(MP0856_12) CA1.2 Detalláronse as malposicións dentarias.

(MP0856_22) CA1.2 Identifícanse os compoñentes do aparello removible segundo a placa prescrita.

(MP0856_12) CA1.3 Descríbense as maloclusións dentarias e as súas clasificacións.

(MP0856_22) CA1.3 Descríbense as características, as funcións e os tipos dos elementos retentivos, estabilizadores e activadores da placa.

(MP0856_12) CA1.4 Descríbense parafuncións e hábitos anómalos.

(MP0856_22) CA1.4 Elaboráronse os elementos retentivos, estabilizadores e activadores da placa.

(MP0856_12) CA1.5 Identifícanse os sistemas de forza que permiten o control do movemento dentario.

(MP0856_22) CA1.5 Colocáronse os elementos retentivos, estabilizadores e activadores no modelo.

(MP0856_22) CA1.6 Elaborouse a base acrílica segundo as técnicas de elaboración.

(MP0856_12) CA1.7 Clasifícanse os aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.

(MP0856_22) CA1.8 Realizouse o acondicionamento do produto segundo criterios e normativa técnico-sanitaria.

(MP0856_22) CA2.1 Diferenciouse placa removible pasiva e activa.

(MP0856_12) CA2.2 Relacionáronse puntos, liñas e ángulos cefalométricos coa malposición e a maloclusión dentaria.

(MP0856_22) CA2.2 Cortáronse as papilas interdentarias no modelo e marcouse a posición das puntas de frecha e a anchura da ponte dun gancho de Adams.

(MP0856_12) CA2.3 Descríbense as técnicas de elaboración dos modelos de traballo e dos modelos diagnósticos.

(MP0856_22) CA2.3 Adaptáronse as retencións do gancho por lingual, pero sen que toque a mucosa, para que poida entrar a resina por debaixo.

(MP0856_22) CA2.4 Pegáronse os ganchos, o arco vestibular e demais aditamentos á placa antes de botar o separador.

(MP0856_12) CA2.5 Montáronse os modelos no articulador a partir de rexistros intraorais e extraorais.

Crterios de avaliación do currículo

(MP0856_22) CA2.5 Identifícanse os elementos activos dunha placa removible, elaborado placas de expansión con elementos activos e parafusos de diferente acción.

(MP0856_12) CA2.6 Relacionáronse as características morfolóxicas de cada arcada coas anomalías dentarias e as relacións intermaxilares.

(MP0856_22) CA2.6 Seleccionáronse os compoñentes dos aparellos funcionais.

(MP0856_12) CA2.7 Valorouse o tamaño de maxilares e pezas dentarias.

(MP0856_22) CA2.7 Acondicionouse o produto segundo normativa técnico-sanitaria establecida.

(MP0856_12) CA2.8 Realizouse a montaxe diagnóstica de predeterminación.

(MP0856_22) CA2.8 Axustouse a realización do aparello ao tempo establecido.

(MP0856_22) CA3.1 Descríronse os tipos e as aplicacións dos aparellos fixos e extraorais.

(MP0856_12) CA3.2 Seleccionouse o tipo de soldadura en función dos materiais e das esixencias da unión.

(MP0856_22) CA3.2 Confeccionáronse bandas.

(MP0856_12) CA3.4 Clasifícanse os parafusos segundo a súa aplicación nas placas de ortodoncia.

(MP0856_22) CA3.4 Relacionáronse as técnicas de elaboración co tipo de aparello.

(MP0856_12) CA3.5 Relacionáronse os instrumentos coa confección de bandas, ligaduras e manipulación de arames.

(MP0856_22) CA3.5 Soldáronse os elementos do aparello á banda.

(MP0856_12) CA3.6 Aplícase o protocolo de colocación de equipamentos, instrumentos e materiais para unha sistemática de traballo secuenciada.

(MP0856_22) CA3.6 Comprobouse o axuste do aparello e a idoneidade do aparello no modelo.

(MP0856_22) CA3.7 Acondicionouse o produto segundo normativa técnico-sanitaria establecida.

(MP0856_22) CA3.8 Realizouse o proceso produtivo con precisión, orde e método.

Cráterios de avaliación do currículo

(MP0856_22) CA4.1 Describíronse os tipos e a utilidade das férulas oclusais.

(MP0856_22) CA4.2 Describíronse as técnicas e os materiais para a duplicación do modelo.

(MP0856_22) CA4.3 Realizáronse os alivios, a marcaxe e o deseño, e valorouse a incorporación de elementos retentivos metálicos.

(MP0856_22) CA4.4 Elaboráronse férulas oclusais con resina acrílica.

(MP0856_22) CA4.5 Elaboráronse férulas oclusais con aparello termomoldeado ao baleiro.

(MP0856_22) CA4.6 Realizouse o axuste oclusal no articulador.

(MP0856_22) CA4.7 Realizouse a talla selectiva.

(MP0856_22) CA4.8 Acondicionouse o produto segundo a normativa técnico-sanitaria establecida.

(MP0856_22) CA4.9 Valorouse a orde e a limpeza durante as fases do proceso e na presentación do produto.

(MP0856_22) CA5.1 Identifícaronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, o instrumental e os aparellos do taller.

(MP0856_22) CA5.2 Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área da prótese dental.

(MP0856_22) CA5.3 Identifícaronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo.

(MP0856_22) CA5.4 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

(MP0856_22) CA5.5 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

(MP0856_22) CA5.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A.- Mínimos exixibles:

Serán os indicados como criterios de avaliación (CA) mínimos exixibles (seleccionados de entre os que aparecen no currículo do ciclo de Prótesis dentáís), que están reflexados como tales na presente programación do módulo de "Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais" en relación aos coñecementos teóricos na proba teórica e aos coñecementos prácticos na proba práctica.

B.- Criterios de cualificación:

A proba desenvolverase en dúas partes, unha teórica e outra práctica.

Cada unha desas partes terá carácter eliminatorio e cualificarase entre 0 e 10 puntos, sendo necesario acadar un 5 para superar cada parte.

A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio, para súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Suporá a realización dunha proba teórica que versará sobre os contidos conceptuais establecidos na programación do módulo. Consistente nunha batería de preguntas curtas e/ou de tipo test. No caso de preguntas tipo test as respostas incorrectas restarán 0,33 cada unha ó que sumen as acertadas, sendo o valor destas 1 punto. As non contestadas nin suman nin restan.

Superada a primeira parte da proba procederase a realizar a segunda parte da mesma, ésta consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos teórico-prácticos ou ben na elaboración de un aparello o partes de aparellos de ortodoncia, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Cualificarase de 0 a 10 puntos, para súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación final obtida para cada aspirante no módulo será numérica, entre un e dez, sen decimais, correspondendo á media aritmética das cualificacións obtidas en cada parte, expresada en números enteiros e redondeada a unidade máis próxima.

No caso das persoas aspirantes que suspendan unha parte da proba, a puntuación final que poderá asignarse será como máximo de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Características da proba:

-Trátase dunha proba escrita con preguntas tipo test, de resposta curta e/ou longa sobre coñecementos teóricos relacionadas cós distintos criterios de avaliación do currículo relacionados na UD1 da presente programación.

-A puntuación tóde cada pregunta virá indicada na folla de exame.

-A proba terá unha duración dúas horas.

Instrucións xerais:

- Prégase máxima puntualidade, unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula para facer o exame.
- Será necesario identificarse mediante DNI ou pasaporte, que estará en todo momento sobre a mesa para a súa verificación por parte do profesorado.
- Ao acceder á aula de realización das probas, apagaranse tódolos dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O seu emprego suporá a expulsión da proba.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonarse a aula ata pasados trinta minutos do seu comezo.
- Sobre a mesa, sómente estará o material necesario e permitido para realizar o exercicio..
- Empregarase bolígrafo azul ou negro, non permitíndose o emprego do lapis.
- Ante calquera dúbida ou consulta non abandonar o asento, levantar a man para ser atendido/a polo profesor.
- De precisar un certificado de asistencia, solicitarase ao inicio da proba ao profesor
- Prohíbese sacar da aula o texto de exame. Unha vez rematada a proba, se entregarán tódolos papeis da proba de exame ao profesor.

4.b) Segunda parte da proba

Características da proba:

- Trátase dunha proba práctica de elaboración dunha férula ou unha placa ou un elemento constitutivo dun aparello ou dun aparello ortodóncico completo cós seus elementos, segundo os criterios de avaliación recollidos no currículo e relacionados na UD 2 da presente programación.
- Puntuarase entre 0-10 puntos, repartidos segundo o especificado no enunciado da proba práctica de exame.
- Terá unha duración de 3 horas.
- As persoas aspirantes traerán bata, lentes de protección ocular, fresas para resina (unha para devastado, unha de fisura e unha de corte), unha espátula tipo Lecron, e un alicate de Angle

Instrucións xerais:

- Prégase a máxima puntualidade, unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula para realizar o exame.
- Será preciso identificarse mediante DNI ou pasaporte, que estará en todo momento sobre a mesa para a súa verificación polo profesorado.
- Ao acceder á aula de realización das probas, apagaranse tódolos dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O seu emprego durante a proba suporá a expulsión da proba.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonarse a aula ata pasados trinta minutos do seu comezo.
- Sobre a mesa, sómente estará o material necesario e permitido para realizar o exercicio.
- Para calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man para ser atendido polo profesor.
- De precisar un certificado de asistencia, solicitarase ao inicio da proba ao profesor.



--